

[Nota de prensa]



Oubiña e Cantero no ciclo de conferencias *Que queres ser de maior?* no Instituto de Tomiño.

IES TOMIÑO, 'Educación da boa'

Oubiña e Cantero inspiran a futuros deportistas profesionais

• A Fundación Celta colabora na formación dos estudantes

20.10.2016.- Cristina Cantero e Borja Oubiña explicaron hoxe ás rapazas e rapaces do Instituto de Tomiño as posibilidades e dificultades de dedicarse profesionalmente ao mundo do deporte. A conferencia e coloquio celebrouse en colaboración coa Fundación Celta no auditorio do instituto, onde asistiron uns 100 mozos e mozas de primeiro e cuarto da ESO (12 a 16 anos). O ciclo de conferencias *Que queres ser de maior?* ofrece sempre a visión feminina e a masculina dunha mesma profesión, para obter a panorámica completa de orientación profesional para os alumnos.

O Concello de Tomiño impulsa o programa Educación da boa, que inclúe un proceso popular de propostas e votación para escoller nome para o instituto e unha mellora da comunicación entre alumnos, profesores e pais que conforman a comunidade escolar.

Borja Oubiña é licenciado en ciencias Empresariais e profesional da secretaría técnica do Celta. Foi xogador e capitán do Celta e tamén da selección española e do Birmingham.

Cristina Cantero é adestradora do Celta de Baloncesto Feminino e ex xogadora profesional.